

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE FEBREIRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 2 de febreiro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de obras para unha área de servizo na Campiña-San Salvador de Muxa.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación de recurso de reposición interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 21 de xullo de 2010, polo que se acordou denegar a licenza para cambio de uso de residencial a comercial na planta primeira do edificio, sito na rúa Nova, número 72.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor no edificio existente, construído coa licenza municipal número 475/74, sito na rúa Lamas de Prado, número 172.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación sita na Calzada das Gándaras; para demolición de edificación sita no núcleo Rural tradicional de Outeiro+Pedreda, parroquia de San Vicente de

Pedreda; para desvinculación de dúas prazas de garaxe na planta baixa do edificio sito na rúa Dos Gardas, números 2-4, coa licenza número 14/82 e vinculación simultánea na planta soto 1 (prazas 8 e 113) do edificio sito na rúa Lamas de Prado, números 54-56, esquina rúa Río Navia, números 1-5-7; para reforma de vivenda na planta 2ª do edificio sito na praza Campo Castelo, número 18; para substitución de cuberta e obras varias no edificio sito na rúa Río Navia, número 11 e para adecuación de cemiterio de San Xoán do Alto.

Acórdase a denegación de licenza para legalización de entresollado en local sito nas galerías do edificio de uso hoteleiro con licenzas números 690/75 e 192/04, sito na avda. Ramón Ferreiro, número 21.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle formulado no quinceiro delimitado pola avenida da Coruña, avenida Paulo Fabio Máximo, as vías rúa “A” e rúa “B” da unidade de actuación englobada, denominada Norte-1 e Norte-2 (Garabolos), e nova vía do PXOU vixente, para reaxuste da aliñación en parte da rúa “B” antedita.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

4. PERSOAL.- Acórdase a aprobación das bases e convocatoria de proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do estatuto básico do empregado público, de prazas de Traballador/a Social.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acordase a desestimación das alegacións efectuadas pola empresa concesionaria da explotación dos tres aparcadoiros soterrados sitos nas prazas de Santo Domingo, Ferrol e Constitución, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado con ela, rexistradas de entrada co número 2011002112, así como corrección de erro detectado no acordo nº 10/784 da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 9 de decembro de 2010.

Lugo, 9 de febreiro de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García